



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma estranxeiro II: Inglés

Materia	Idioma estranxeiro II: Inglés			
Código	O05G110V01932			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Figueroa Revilla, Beatriz Olga			
Profesorado	Figueroa Revilla, Beatriz Olga			
Correo-e	revilla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Preténdese aproximar aos estudantes que cursen esta materia ao nivel de competencia comunicativa en inglés definido polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas como B2.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C46	Comprender o paso da oralidad á escritura e coñecer os diferentes registros e usos da lingua.

C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender discursos extensos, e seguir liñas argumentais complexas sempre que o tema sexa relativamente coñecido. Comprender case todas as noticias da televisión e os programas sobre temas actuais. Comprender a maioría das películas nas que se fala nun nivel de lingua estándar.	A1 A2 A3	B11	C44 C49	D4 D11 D13 D16 D20
2. Ser capaz de ler artigos e informes relativos a problemas contemporáneos nos que os autores adoptan posturas ou puntos de vista concretos. Comprender a prosa literaria contemporánea.	A5	B11	C44 C46 C52	D1 D4 D6 D7 D11 D13 D14 D16 D18 D20
3. Poder participar nunha conversación con certa fluidez e espontaneidade, e tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións cotiás sobre temas relacionados co ámbito persoal, profesional ou educativo, explicando e defendendo os seus puntos de vista. Comprender e reaccionar adecuadamente e facer uso do idioma tal e como se utiliza nas transaccións habituais do aula e docentes.	A2 A3 A4	B2 B4 B5	C44 C49 C52	D4 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D16 D17 D18 D19 D20
4. Presentar descriucións claras e detalladas de temas relacionados coa súa especialidade. Desenvolver a competencia comunicativa necesaria para abordar en inglés, con fluidez e seguridade, os temas de interese para alumnos de educación infantil que figuran nas recomendacións para o deseño de programacións de lingua estranxeira nestes niveis.	A2 A3	B4 B6 B7	C44 C46 C48 C49 C52	D1 D2 D4 D11 D12 D13 D18 D20

5. Ser capaz de escribir textos claros e detallados sobre temas relacionados cos seus intereses. Escribir redaccións e informes.	A2 A3 A4	B2	C44 C46 C52	D1 D2 D4 D6 D7 D8 D11 D12 D14 D18 D20
6. Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e de traballo cooperativo, favorecendo a análise e a observación dos propios procesos de aprendizaxe	A5	B1 B2 B5 B12		D2 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D16 D17 D18 D20 D21
7. Coñecer formas e medios para continuar e enriquecer a súa propia formación cultural e lingüística.	A5	B10		D2 D4 D5 D6 D11 D14 D15 D16 D17 D18 D20 D21

Contidos

Tema	
1. Aspectos lingüísticos	Léxico, gramática, semántica, fonética, ortografía, ortoepía.
2. Aspectos sociolingüísticos	Os marcadores lingüísticos de relacións sociais, as normas de cortesía, as expresións de sabedoría popular. Diferenzas de rexistro.
3. Aspectos discursivos	Ordenar oracións en función da secuencia 'natural', relacións de causa e efecto (ou viceversa), e estruturación do discurso; ordenar o discurso en función de organización temática, coherencia e cohesión, estilo e rexistro. Organización do texto segundo as distintas macrofuncións. Elaboración, sinalización e secuenciación dos textos escritos
4. Aspectos estratéxicos	Estratexias verbais que se utilizan para impedir a incomunicación: solicitude de repetición, paráfrasis, uso de palabras xerais, aproximación, aclaración, solicitude de axuda. Utilización de palabras 'comodín' ou 'recheo'
5. Aspectos culturais e interculturais	A vida diaria, as relacións persoais, valores, crenzas e actitudes, linguaxe corporal, convencións sociais, comportamentos rituais, etc. Nivel diacrónico: historia, tradicións, monumentos, etc.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Traballo tutelado	23	41.5	64.5
Obradoiro	23	36	59
Presentación	3	10	13
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Os estudantes disporán de atención personalizada, tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.
Traballo tutelado	Os estudantes disporán de atención personalizada, tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.
Obradoiro	Os estudantes disporán de atención personalizada, tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.	16.6	A1 B1 C44 D1 A2 B2 C46 D2 A3 B4 C48 D4 A4 B5 C49 D5 A5 B6 C52 D6 B7 D7 B10 D8 B11 D9 B12 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.	16.6	A1 B2 C44 D1 A2 B4 C46 D2 A3 B5 C48 D4 A4 B10 C49 D5 A5 B11 C52 D6 B12 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	16.8	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B6 B7	C44 C46 C48 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
Exame de preguntas de desenvolvemento	Farase unha proba final que constará de dous partes: unha proba de redacción e unha entrevista oral duns dez minutos. Cada unha destas probas levará o 25% da nota final.	50	A2 A3 A4 A5		C44 C46 C48 C49 C52	D1 D2 D4 D7 D13 D14 D16 D18 D20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar esta asignatura o alumnado deberá conseguir polo menos un 25% da nota total naqueles aspectos que NON forman parte do exame final. No que respecta a este último, o estudante deberá aprobar tanto a parte escrita como a oral. As competencias non superadas na convocatoria de xuño poderán ser recuperadas en xullo. Os alumnos que non poidan asistir a clase deberán porse en contacto coa profesora ao principio do curso para pactar con ela un plan de traballo. Data do exame: Consultar a web da facultade no menú: *Datas exames*.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Oxford Spanish Dictionary, 4th edition, Oxford University Press, 2009

Adelson-Goldstein, J., **Collins diccionario español-inglés. inglés-español**, Harper Collins, 2002

Longman Dictionary of Contemporary English, 6th edition, Longman, 2014

Oxford Advanced Learner's Dictionary, 8th edition, Oxford University Press, 2016

Eastwood, J. & Mackin, R., **Oxford Practice Grammar**, Oxford University Press, 2006

Murphy, R., **English Grammar in Use**, Cambridge University Press, 2006

Co-Build English Guides, Harper Collins, 2008

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica da lingua estranxeira: Inglés/O05G120V01916

Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Inglés/O05G120V01914

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Inglés/O05G120V01912

Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés/O05G120V01913

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua inglesa e a súa didáctica/O05G120V01507

Outros comentarios

Recoméndase aos estudantes que cursen esta materia que teñan adquirido previamente un nivel B1 alto en lingua inglesa,

tanto escrita como oral.

Plan de Continxencias

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual. Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.
